PROGRAMA DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS 2024

Programa para impulsar
o talento, a empregabilidade
e a mobilidade do persoal
investigador

XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

XUNTA DE GALICIA

1. Antecedentes
2. Descrición
3. Obxectivos
4. Beneficiarios
5. Financiamento
6. Conceptos subvencionables
7. Requisitos específicos da axuda
8. Presentación de solicitudes
9. Documentación para a solicitude
10. Criterios de valoración

1. ANTECEDENTES

XUNTA DE GALICIA

- Convocatoria encadrada na Lei 5/2013 , do 30 de maio, de **fomento da investigación e da innovación en Galicia**, co obxectivo de **xerar, reter e atraer** profesionais a Galicia para actividades de **I+D+i**

- A figura do "**Doutoramento Industrial**" contémplase como a forma elixida para materializar a colaboración entre o **persoal doutorando, a empresa ou centro de innovación e tecnoloxía e a universidade**

- Convocatoria complementada con outras actuacións de fomento de talento →

Axudas Programa Talento Sénior

Axudas Programa Investigo

Axudas de apoio á etapa predoutoral

Axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral

Axudas para completar a etapa de formación posdoutoral

Programa Oportunius

2. DESCRICIÓN

XUNTA DE GALICIA

O programa Doutoramentos industriais establece un marco de financiamento para formar persoal altamente cualificado a través do **desenvolvemento de 15 teses de doutoramento na contorna empresarial, a través da contratación de persoal doutorando que desenvolva proxectos de investigación** que impliquen unha **colaboración efectiva** entre a **empresa ou centro de innovación e tecnoloxía solicitantes**, e unha universidade do Sistema Galego Universitario (SUG) coa que se establecerá un convenio de colaboración

→

Proxecto orientado á resolución das necesidades e problemas da empresa ou centro de innovación e tecnoloxía solicitante

A empresa ou centro de innovación e tecnoloxía solicitante asumirá a contratación da persoa doutoranda

3. OBXECTIVOS

XUNTA DE GALICIA

Promover a transferencia de coñecemento entre as universidades do SUG e o tecido empresarial

Potenciar a captación de persoal investigador para que desenvolvan un proxecto de I+D nas empresas galegas que lles permita obter un doutoramento industrial

Posibilitar a incorporación de persoal doutor xoven á contorna empresarial unha vez que remate a axuda

Fortalecer a colaboración entre as empresas e centros de innovación e tecnoloxía e as universidades do SUG

4. BENEFICIARIOS

XUNTA DE GALICIA

Empresas e centros de innovación e tecnoloxía solicitantes

Con domicilio social ou centro de traballo en Galicia. As empresas e centros de innovación e tecnoloxía serán os **solicitantes da axuda**

Interesados en **contratar persoal investigador predoutoral** para realizar un proxecto de investigación industrial en colaboración cunha universidade do SUG

Os **proxectos serán propostos polas empresas ou centros de innovación e tecnoloxía** e suporán un avance de coñecemento xustificado para dar lugar a unha tese doutoral do persoal investigador contratado, así como o desenvolvemento de produtos, procesos ou servizos que melloren os xa existentes na entidade solicitante

Designarán un **responsable técnico do proxecto** que supervisará a tese no marco da empresa

Universidades do SUG

Interesadas en **participar na execución dun proxecto** de investigación industrial de desenvolvemento experimental que se desenvolva nunha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía con sede en Galicia

Designarán á persoa directora académica da tese

Persoal Investigador

As persoas candidatas aos contratos de doutoramento serán:
Nacionais dun estado membro da UE. Reserva de 1 praza para un cidadán non comunitario.
Estar **matriculadas**, **admitidas ou en disposición** de cumprir os requisitos para matricularse nun programa oficial de doutoramento dunha universidade do SUG, de acordo coa ordenación académica aplicable no curso **2023/2024** ou **2024/2025**.
Data de finalización dos estudos de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñería, arquitectura técnica, enxeñería técnica, diplomatura ou equivalente tivese lugar nos últimos **5 anos** (Ver casos nos que poderá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2017)

5. FINANCIAMENTO

XUNTA DE GALICIA

ORZAMENTO TOTAL DO PROGRAMA

1.890.000 €

- A Axencia Galega de Innovación asumirá o financiamento das empresas e centros de innovación e tecnoloxía
- A Secretaría Xeral de Universidades financiará as axudas correspondentes ás universidades do SUG

6. CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

XUNTA DE GALICIA

EMPRESAS E CENTROS DE INNOVACIÓN E TECNOLOXÍA SOLICITANTES

Custos de contratación da persoa doutoranda
Financiamento dun contrato a tempo completo, incluído os seus custos sociais cunha duración mínima dun ano e máxima de tres

→ Importe máximo: 24.000 € anuais

Gastos asociados á contratación e para o seguro durante o período da estadía

→ Complemento de 1.000 € anuais

Outros gastos relacionados co proxecto de doutoramento industrial: viaxes e axudas de custo da persoa contratada, pequeno equipamento e material funxible, servizos tecnolóxicos externos, formación

→ Importe máximo: 5.000 € anuais

Estadías de tres meses de duración no estranxeiro, para formación da persoa doutoranda

→ Importe máximo: 6.000 € (en función da zona de destino)

6. CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

XUNTA DE GALICIA

UNIVERSIDADES DO SUG

I. Gastos relacionados co desenvolvemento do proxecto no ámbito da universidade:

- **Contratación de persoal investigador ou auxiliar**
- **Pequeno equipamento** inventariable e **material funxible**
- **Material bibliográfico,** cotas de **coloquios e congresos** e adhesión a **sociedades científicas** (excluídos os gastos asociados a publicacións científicas)
- **Viaxes e axudas de custo** cun máximo do 20% da axuda xustificada
- **Ferramentas de xestión** do coñecemento e a información
- **Servizos tecnolóxicos externos**
- **Custos indirectos ou gastos xerais** ata un máximo do 20% da axuda xustificada
- Custos da **auditoría**

II. Custo da matrícula no Programa de Doutoramento

Importe máximo: 10.000 €

7. REQUISITOS ESPECÍFICOS DA AXUDA

XUNTA DE GALICIA

PARA AS EMPRESAS E CENTROS DE INNOVACIÓN E TECNOLOXÍA SOLICITANTES

Propoñer un proxecto de doutoramento industrial a desenvolver **e a unha persoa candidata** para levar a cabo a tese asociada ao mesmo

Facilitar as **accións de mobilidade** que o persoal doutorando realice ao longo do seu proxecto

Designar a un **responsable da supervisión da tese na empresa** e da realización do proxecto de doutoramento industrial correspondente

Visar e validar a memoria xustificativa do proxecto que realice o persoal doutorando

Apoiar e **facilitar a formación** do persoal doutorando

7. REQUISITOS ESPECÍFICOS DA AXUDA

XUNTA DE GALICIA

PARA AS UNIVERSIDADES DO SUG

Designar a **persoa directora académica da tese** no marco do programa de doutoramento

Supervisar con regularidade o desenvolvemento do proxecto de investigación e de tese doutoral

Validar a proposta de proxecto de doutoramento industrial

Facilitar a realización da **formación adicional** e a participación na formación que organice a propia entidade

7. REQUISITOS ESPECÍFICOS DA AXUDA

XUNTA DE GALICIA

PARA AS PERSOAS CANDIDATAS

Ter **nacionalidade dun estado membro da Unión Europea.** As persoas non comunitarias poderán ser candidatas sempre que conten cos permisos necesarios de permanencia no país

Estar **matriculadas** ou en **disposición** de cumprir os requisitos para matricularse nun **programa oficial de doutoramento** dunha universidade do SUG de acordo coa ordenación académica aplicable no curso 2023/2024 ou 2024/2025.

A **data de finalización** dos estudos deberá ser nos últimos cinco anos, con certas excepcións nas que poderá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2017.

→ **Non se admitirán persoas que estean en posesión do título de doutor**

8. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

XUNTA DE GALICIA

PRESENTADA POLA EMPRESA OU CENTRO DE INNOVACIÓN E TECNOLOXÍA

EXCLUSIVAMENTE DE FORMA TELEMÁTICA

sede.xunta.gal

- **Código de procedemento:**
  IN606D

- **Prazo de presentación:**
  ata o 4 de novembro de 2024

9. DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE

XUNTA DE GALICIA

RELATIVA AO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, DA ENTIDADE SOLICITANTE E DA UNIVERSIDADE

- Memoria relativa ao proxecto de investigación, á experiencia da entidade solicitante, á universidade e á adecuación do proxecto de investigación ás liñas estratéxicas da RIS3 Galicia 2021-2027 segundo modelo do ANEXO III.

OUTRA DOCUMENTACIÓN

- **Declaración de compromiso asinado** entre a empresa ou centro de innovación e tecnoloxía solicitante e a universidade de aportar o **convenio de colaboración asinado.** ANEXO IV
- Documento acreditativo do **poder de representación** con validez xurídica, do representante da entidade solicitante, de ser o caso.
- Acreditación sobre o cumprimento dos prazos de pagamento a provedores, de conformidade co previsto no artigo 13.3.bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9. DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE

XUNTA DE GALICIA

RELATIVA AO PERSOAL CANDIDATO DOUTORANDO

- Declaración asinada **pola persoa candidata doutoranda** industrial (ANEXO V)
- Declaración da **persoa designada para dirixir ou codirixir a tese** (ANEXO VI)
- **Certificación da universidade** na que está matriculada a persoa candidata no curso 2023/2024 ou no que se compromete a matricularse no curso 2024/25, no caso de ser seleccionada (ANEXO VII)
- Acreditación da **aprobación do plan de investigación** pola comisión académica do Programa de Doutoramento correspondente ou declaración responsable da persoa candidata.
- Documentación que acredite os supostos de **excepcionalidade sobre as datas de finalización dos estudos**, de ser o caso
- Certificado do **nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira**
- Certificado da persoa candidata de **ter disfrutado dunha bolsa ou prácticas** en empresa ou centro de innovación e tecnolóxico

10. CRITERIOS DE VALORACIÓN

XUNTA DE GALICIA

- **Expediente académico. Ata 15 puntos**

- **Persoa designada para dirixir a tese nas universidades** do SUG. **Ata 15 puntos** (non acumulativo):

  Pertenza a un grupo con potencial de crecemento que contara con financiamento nalgunha das convocatorias de 2020 a 2023. 10 puntos

  Pertenza a un grupo de referencia competitiva que contara con financiamento nalgunha das convocatorias de 2020 a 2023. Ata 15 puntos

- **Empresas ou centros de innovación e tecnolóxicos**. **15 puntos** (non acumulativo):

  Participar nun centro recoñecido de incubación de empresas ou participar nun programa de aceleración de empresas entre os anos 2018 e 2023: ata un máximo de 2 puntos.
  Desenvolvemento de actividades financiadas pola Axencia Galega de Innovación entre 2021 e 2023. 2 puntos.

  Experiencia na execución de proxectos de I+D colaborativos ou en contratos de I+D Universidade- entre 2019 e 2023. 10 puntos

  Participación como socio (12 puntos) ou entidade líder (15 puntos), en proxectos concedidos polo Programa marco de I+D da Unión Europea, entre os anos 2019 e 2023.

10. CRITERIOS DE VALORACIÓN

XUNTA DE GALICIA

- Empresas ou centros de innovación e tecnoloxía situadas nun **concello emprendedor**: **5 puntos**
- **Proxecto de traballo** de investigación industrial que se vai realizar para obtención do grao de doutor. **Ata 30 puntos:**
  - Obxectivos e contidos básicos do traballo (ata 14 puntos)
  - Valor singular e impacto do proxecto sobre a I+D da empresa (ata 4 puntos)
  - Avance no coñecemento que supon a tesis doutoral (ata 4 puntos)
  - Metodoloxía (ata 4 puntos)
  - Planificación temporal (ata 2 puntos)
  - Transferencia de resultados (ata 2 puntos)
- Adecuación do proxecto de investigación ás **liñas estratéxicas da RIS3** (anexo I). **0 ou 10 puntos**
- Nivel de coñecemento da persoa candidata dalgunha **lingua estranxeira. Ata 5 puntos**
- Ter desfrutado a persoa candidata dunha **bolsa ou prácticas en empresa ou centro de innovación e tecnolóxico. Ata 5 puntos**

PROGRAMA DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS 2024

TIPO DE CONVOCATORIA
Convocatoria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

ORGANISMO XESTOR
Axencia Galega de Innovación

ORGANISMO FINANCIADOR
A Axencia Galega de Innovación asumirá o financiamento das empresas e centros de innovación e tecnoloxía e a Secretaría Xeral de Universidades asumirá as axudas correspondentes ás universidades do SUG.

XUNTA DE GALICIA

ORZAMENTO
1.890.000 €

TIPO DE APOIO
Axuda a fondo perdido

CÓDIGO DE PROCEDEMENTO
IN606D

DATA DE PUBLICACIÓN DOG
01/10/2024

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
02/10/2024 – 04/11/2024

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
sede.xunta.gal

PROGRAMA DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS 2024

MÁIS INFORMACIÓN

Axencia Galega de Innovación

Rúa Airas Nunes s/n, 15702
Santiago de Compostela

axudascentros.gain@xunta.gal

981 33 71 33 / 981 33 71 57

@axenciaGAIN
GAIN Axencia Galega de Innovación
@axenciaGAIN
@axenciaGAIN

XUNTA
DE GALICIA